

Vencer ao demo con ‘Cartas ao director’, o novo de Rafa Laso

ana baena. vigo abaena@atlantico.net - 28-11-2012

“Durante unha semana, un home mandou a un xornal a mesma carta ao director para expor a mesma queixa; chamoume a atención e pareceume unha boa excusa para escribir unha novela”. Así xustifica Rafael Laso (Xinzo de Limia, 1965) a súa nova publicación, “Cartas ao director”, que lonxe do que poida parecer polo seu título trátase dunha novela clásica de terror.



Dirixida a un público familiar, aínda que editada nunha colección xuvenil da editorial Tambre, presenta un novidoso esquema narrativo: a través de 30 cartas desenvolve toda a trama, onde o protagonista terá que loitar pola súa vida co mesmísimo demo.

“Sempre me fascinaron as novelas de Stephen King e quixen facer algo do xénero, aínda que aquí está moi presente a tradición galega e as típicas crenzas da terra co díaño, as desaparicións e os feitos estranos que conforman os contos de inverno narrados polos avós xunto a lareira”, apunta Laso, que se ben reside en Vigo na actualidade, a súa nenez en terras da Limia segue moi presente na súa produción literaria.

Agora, na época das videoconsolas e das redes sociais, Rafael Laso segue a atopar argumentos para aterecer de medo: “Pódese escribir de case todo, calquera cousa é susceptible de facer literatura, o interesante é inspirarse na realidade, facer unha crónica do cotidiano con máis ou menos doses de fantasía”.

Rafael Laso forma parte dos escritores que conquiren compaxinar unha formación de ciencias cunha ocupación literaria: “Nen os números pelexan coas letras, nen as letras cos números; son dúas actividades que se poden compaxinar ben, unha como medio de vida e outra coma afección”, afirma.n

Fuente:

<http://www.atlantico.net/>

Para reutilizar esta noticia por favor consulta el punto 3 de las [Condiciones de uso](#) del sitio web.
No se permite la reutilización de noticias de agencias.